

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2643/2023	A Xunta de Goberno Local	05/06/2023

MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

EXPEDIENTE 2643/2023. PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL DA ESTRADA"

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL, A CARGO DA SUBVENCIÓN PARA A MODERNIZACIÓN E XESTIÓN SUSTENTABLE DAS INFRAESTRUTURAS DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS, AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, COMPOÑENTE 24, INVESTIMENTO 2, PROXECTO 2 (C24.I02.P02)

Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, relativa ao expediente de referencia, asinada polo Sr. Alcalde en data de 26.05.2023, indicando que "O obxecto desta intervención é avanzar na adaptación do equipamento do Teatro Principal a novas necesidades e avances tecnolóxicos e estándares de uso de maior eficiencia enerxética, competitividade, durabilidade, sustentabilidade ou seguridade"

Vista a Providencia da Alcaldía de data de 26.05.2023 pola que se dispón que pola Intervención municipal se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso.

Considerando que con data de 29.05.2023, incorporouse ao expediente o documento correspondente á retención de crédito

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP), e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2019-0674 de data 18 de xuño de 2019.

Vista a proposta de resolución PR/2023/1030 de 1 de xuño de 2023.

Concello da Estrada



RESOLUCIÓN

Visto o expediente de contratación do subministro “Modernización do Teatro Principal da Estrada”, a cargo da subvención para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, compoñente 24, investimento 2, proxecto 2 (C24.I02.P02). Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación do subministro “Modernización do Teatro Principal da Estrada”, a cargo da subvención mencionada, asinada polo Sr. Alcalde en data de 26/05/2023, na que se indica que: “O obxecto desta intervención é avanzar na adaptación do equipamento do Teatro Principal a novas necesidades e avances tecnolóxicos e estándares de uso de maior eficiencia enerxética, competitividade, durabilidade, sustentabilidade ou seguridade”

Vista a Providencia da Alcaldía de data de 26/05/2023 pola que se dispón que pola Intervención municipal se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso.

Considerando que, con data de 29/05/2023, incorporouse ao expediente o documento correspondente á retención de crédito (número de operación 220230002823).

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP), e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 2019-0674, de 18 de xuño.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do subministro “Modernización do Teatro Principal da Estrada”, a cargo da subvención para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, compoñente 24, investimento 2, proxecto 2 (C24.I02.P02), por procedemento aberto simplificado sumario.

Segundo.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017, a seguinte documentación:

- Memoria do cumprimento das actuacións previas en relación co PRTR
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe xurídico
- Informe de fiscalización da Intervención

Terceiro.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en funcións, coa excepción prevista





no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 69GGTNCCCMDF9YNP5NZ5W/G9GK
Corrección: <https://ae.estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

